



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”

I.- ANTECEDENTES:

1.- Mediante resolución do 29 de decembro de 2021 da Directora Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan.

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 83.518,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 19.961,00 € na anualidade do 2022 e 63.557,00 € en 2023.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

1. As partidas a tanto global.
2. O imposto do valor engadido (IVE)
3. Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de iluminación, abastecemento e saneamento de augas fecais..
4. Os gastos de redacción de proxecto nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
5. Gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.
6. Gastos por taxas ou licenzas necesarias.
7. O cartel de obra.

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”.

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello de Vigo terá que soportar os correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE), ademais do panel de obra, necesario para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos previstos no artigo 17 da antedita Resolución do 29 de decembro de 2021.

2.- Previo informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 24.02.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 24.02.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01.03.2021



Expediente: 1333/441

aprobou o proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24.02.2021.

3.- En data 22 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno Local acordou en sesión ordinaria aprobar a participación do Concello de Vigo no “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023”

4.- En data 25.02.2022, presentouse no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia solicitude para participación do Concello de Vigo no PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS.

5.- Con data 13 de xuño de 2022, recíbese notificación de resolución de concesión de axuda a favor do Concello de Vigo, ao abeiro do Plan De mellora De Camiños Municipais De Acceso a Parcelas Agrícolas 2022-2023, por importe de 81.518,00 €, coa seguinte distribución por anualidades:

2022	2023
19.419,82 €	61.834,64 €

Na mesma resolución indícase que o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2022 será o 15 de outubro de 2022. O feito de non xustificar correctamente esta anualidade devirá na perda parcial do dereito ao cobramento da axuda, polo importe non xustificado. O prazo final de xustificación será o 30 de maio de 2023.

II.- ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS:

Proxecto de obra a incluír no expediente:

“MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24.02.2021.

Para a execución do obxecto do contrato, e de acordo co informe xustificativo da necesidade e idoneidade deste expediente, asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal e polo Técnico de Administración Xeral, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro de Área



Expediente: 1333/441

de Fomento e Servizos en data 07.07.22, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía de data 18.06.2019, dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben o presente informe, considerase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

1.- OBXECTO DO CONTRATO

A execución do proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24.02.2021.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, o obxecto desta actuación é a rehabilitación superficial, cuxa finalidade será conservar e mellorar as súas características funcionais e a protección do conxunto do firme.

A actuación se desenrola nun vial público denominado Valada na parroquia de Valadares a proposta construtiva e as actuacións que se propoñen enumeran de seguir:

- Previamente efectuarse o corte de pavimento asfáltico ou de formigón nas zonas previstas no proxecto, posterior fresado do pavimento existente tanto de pavimento bituminoso como de formigón cun espeso medio de 5 cm., Limpeza e preparación de explanación en camiños estreitos por medios manuais o mecánicos. Posterior tratamento de adherencia con dotación de 1,0 Kg de ECR-2, para posterior aplicación de aglomerado en quente tipo D-12 de uns 5 cm., de espesor, estendido e compactado.
- Preparación a base de recalce de tapas de rexistro con dados de formigón, así como recrecido dos pozos de rexistro existentes, a cota final. Recolocación de tapas de fundición ductil co seu correspondente marco de suxeición e ancoraxe.
- Unha vez finalizado o proceso de reposición de pavimento e tapas procederase a o marcado do vial de acordo coas indicación no proxecto.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de obras, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).

A tenor do establecido no artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.



Expediente: 1333/441

Polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada debido a que, desde o punto de vista técnico, é un ámbito reducido en superficie e continuo na súa extensión e a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato, que se correspóndense na súa maioría con tarefas de pavimentación, dificultaría a correcta execución do mesmo por falta de operatividade, entorpeceríase a súa adecuada execución por ser necesaria a coordinación das diferentes prestacións que abarca o obxecto do contrato e prolongaría no tempo as molestias aos usuarios da vía.

2.- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto, xustificándose no valor estimado do contrato e na necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento. A tramitación do mesmo realizarase polo procedemento ordinario.

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

O prazo máximo de execución do contrato é de TRES (3) meses.

A previsión do prazo de inicio das actuacións estableceuse en 1 de outubro de 2022.

4.- SOLVENCIA

A tenor do establecido no artigo 77 da LCSP, para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 €, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos.

Así, de acordo co exposto, o empresario poderá acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica mediante algún dos seguintes requisitos:

4.1.- ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA MEDIANTE O CUMPRIMENTO DOS SEGUINTE REQUISITOS

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido



Expediente: 1333/441

ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.

Para as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) para as empresas de nova creación considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 50% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

Solvencia técnica:

- Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados no curso dos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato.

Para as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) a solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios previstos nas letras b) a f) do apartado 1 do artigo 88 da LCSP, agás que no PCAP se sinalen outros distintos. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

4.2.- ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA MEDIANTE CLASIFICACIÓN DO EMPRESARIO COMO CONTRATISTA DE OBRAS

O artigo 25 e 26 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas establecen os grupos e subgrupos de clasificación dos contratistas de obra e as categorías de clasificación segundo os importes e a duración estimada dos contratos de obras.



Expediente: 1333/441

Por outra banda, o artigo 36 do citado Regulamento dispón que cando as obras presenten singularidades non normais ou xerais ás da súa clase e si, en cambio, asimilables a tipos de obras correspondentes a outros subgrupos diferentes do principal, a esixencia de clasificación estenderase tamén a estes subgrupos coas limitacións seguintes:

- a) O nº de subgrupos esixibles, salvo casos excepcionais, non poderá ser superior a catro.
- b) O importe da obra parcial que pola súa singularidade dea lugar á esixencia de clasificación no subgrupo correspondente deberá ser superior ao 20 por 100 do prezo total do contrato, salvo casos excepcionais.

En canto a Categoría, de acordo co art. 26 do citado Regulamento, modificado polo RD 773/2015 de 28 de agosto, e considerando que o prazo de execución estimado para a completa execución das obras é de 3 meses, resulta de aplicación a referencia do valor estimado do contrato.

Polo que, a diferenza no recollido na memoria do proxecto en XGL e de acordo co capítulo 1 do orzamento do citado proxecto, e considerando o valor estimado, correspóndelle a seguinte clasificación como contratista de obras no seguinte grupo e subgrupo:

- Grupo G, subgrupo 4, categoría 1

5.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN:

En relación aos criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 145 da LCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, podéndose adxudicar os contratos, entre outros, sobre a base do prezo ou custo.

O criterio de adxudicación proposto no presente caso consistirá na redución do prezo do contrato de modo que as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior redución do prezo do contrato.

Xustificación do criterio de valoración

Xustifícase a elección do referido criterio, de conformidade co establecido no artigo 146.1 da LCSP, que establece que cando só utilícese un criterio de adxudicación, este deberá estar relacionado cos custos, podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade.

Polo que a vista da entidade das obras a executar, consistentes nas obras de mellora de seguridade viaria dun camiño existente, considérase como criterio mais axeitado a consideración do prezo como o único factor determinante da adxudicación.

6.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS.



Expediente: 1333/441

En relación á determinación dos criterios aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, a tenor do establecido no artigo 149.2.a) da LCSP, aplicaranse os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias establecidos no artigo 85 do RLCAP.

7.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Establécense como condicións especiais de execución de carácter medioambiental:

- A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, contribuíndose así a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable.
- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato; unha xestión máis sustentable da auga.
- O fomento do uso das enerxías renovables.
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.
- O impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.

O obxecto do contrato supón a realización dunha serie de procesos construtivos tendentes á xeración de riscos de carácter medio ambiental (xeración de residuos, utilización en exceso de auga, etc), o cal fai aconsellable a introdución de criterios medioambientais tendentes á redución e minoración dos posibles prexuízos de carácter medio ambiental.

Estas condicións especiais de execución esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política medioambiental. Esta “contratación estratéxica”, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas nunha área esencial, co obxectivo de garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes.

8.- PRAZO DE GARANTÍA:

En relación a determinación do prazo de garantía, o proxecto da obra recolle un prazo de 5 anos, sempre que se contemplen as técnicas de execución e os materiais cumpran coas calidades legalmente establecidas, e cando non sexa de esperar actuacións especiais e de importancia respecto do mantemento e conservación que impliquen prazos especiais, debido ao comportamento observado en obras de similares características.

Tendo en conta isto, se propón un prazo de garantía de 5 anos, de modo que se poida asegurar o obxecto do prazo da garantía polas obras recollidas no proxecto, de modo máis extenso e acorde a tipoloxía de obra e de uso do construído.



9.- SUBCONTRATACIÓN

Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación.

10.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

10.1.- Aspectos a modificar:

As unidades de obra relacionadas con actuacións previas, movementos de terras, firmes, sinalización, xestión de residuos e seguridade e saúde.

10.2.- Circunstancias que determinan a modificación:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

10.3.- Limites da modificación:

A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

10.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación:

Na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no Anexo I.

Ditos prezos unitarios son prezos de execución material polo que inclúen custos directos e indirectos. Non inclúen nin gastos xerais (13%) nin beneficio industrial (6%). Tampouco inclúen IVE/IVE en vigor. A dito cadro prezos unitarios seralle de aplicación a baixa económica ofertada polo adxudicatario.

11.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do Contrato será o director facultativo das obras.



Expediente: 1333/441

O servizo xestor do contrato será o servizo administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento.

12.- RECEPCIÓN PARCIAL

Non se contempla

13.-SEGURO

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

14.- PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

Para o proxecto de contratación das obras contempladas neste expediente de contratación, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas incluído no proxecto de "MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)", redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez.

15.- GARANTÍA COMPLEMENTARIA:

Se deberá constituír como garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adjudicación do contrato, cando a oferta adjudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.

16.- DECLARACIÓN DACI

Os técnicos que subscriben declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación .



Expediente: 1333/441

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos remitir a presente memoria para a contratación das obras do proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)” ao Servizo de Contratación, para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas.- Jerónimo Centrón Castaños

O Técnico de administración Xeral da Área de Fomento.- Óscar Couce Senra

CONFORME,

O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira